

EXPTE: Nº 14L/2015 – E.L.-PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS 2015 (PPOS 2015): OBRA DE “ACONDICIONAMENTO DA ZONA DE APARCAMENTO DA PRAIA DE AREAS”.

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta de adxudicación do concelleiro de xestión e planificación urbanística e infraestruturas de data 17 de decembro de 2015, que a continuación se transcribe:

### “ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Á vista da proposta desta concellería de xestión e planificación urbanística e infraestruturas de incoación do expediente das obras de referencia, de data 26/11/2015 que de xeito literal di:

*“Concedida a subvención para á execución da obra de “ACONDICIONAMENTO DA ZONA DO APARCAMENTO DA PRAIA DE AREAS”, por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de data 18 de maio de 2015.*

*Emitidas as autorizacións sectoriais preceptivas, aprobouse o proxecto técnico das obras de referencia, por Resolución da alcaldía de data 23 de setembro de 2015.*

*Retido o crédito presupostario, preciso para o financiamento destas obras, na partida 17004 / 60100, de acordo ó documento “RC” co nº de operación 14182 asinado polo Interventor xeral o 23 de outubro de 2015.*

*Visto que na relación de obras a executar, contidas no proxecto técnico, existen días unidades referentes a talado e destocnado de árbores existentes, foi emitido informe por parte da técnico de Merdio Ambiente do Concello de Sanxenxo, en data 17 de decembro de 2015, que reflecte que non é preciso solicitar autorización específica para a tala dos pinos presentes no aparcamento,*

*En base aos antecedentes anteriormente expostos, propoño:*

**Primeiro:** *Incoar expediente de contratación das obras de “ACONDICIONAMENTO DA ZONA DO APARCAMENTO DA PRAIA DE AREAS”, cun orzamento de execución por contrata de cincuenta e un mil dezaseis con setenta e cinco euros (51.016,75 €) e cun prezo de execución de tres (3) meses.*

**Segundo:** *Solicitar ofertas respecto a execución desta obra e a presentación da documentación necesaria, ás empresas que a continuación se citan.*

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)

Rúa Fariña Cobián, s/n – baixo; 36003 PONTEVEDRA

- CANTERÍA SAN ADRIÁN DE VILARIÑO, S.L  
C/ QUINTÁNS Nº 23 SAN ADRIÁN DE VILARIÑO; 36630 CAMBADOS  
(PONTEVEDRA)
- CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, SL (CPA)  
Polígono Industrial A Reigosa, P. 12; 36827 Ponte Caldelas

Terceiro: Designar como Director de Obra ao Enxeñeiro Técnico Municipal,  
José María Troncoso Viñas

Presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo o día 09/12/15, cos números de rexistro de entrada 12689,12690 e 12691, respectivamente, as seguintes propostas:

- Presentada por Jesús Fontán Piñeiro, en representación de CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS (COVSA). Oferta realizar a obra, co IVE incluído, por TRINTA E OITO MIL CENTO VINTE E CATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (38.124,81 €).
- Presentada por David González Currás en representación de CANTERÍA SAN ADRIÁN DE VILARIÑO, S.L. Oferta realizar a obra, co IVE incluído, por CORENTA E OITO MIL, DOUSCENTOS TRINTA E SEIS EUROS, CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (48.236,65 €).
- Presentada por Pablo Pérez Rodríguez en representación CPA-CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. Oferta realizar a obra, co IVE incluído, por CORENTA E CINCO MIL SISCENTOAS TRINTA E CATRO EUROS (45.634,00 €).

Á vista das ofertas presentadas, esta concellería, PROPÓN:

Adxudicar a execución das obras de "Pavimentación da zona de aparcamento da praia de Areas", á empresa "CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS SA (COVSA), de acordo á oferta presentada, polo importe de TRINTA E OITO MIL CENTO VINTE E CATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (38.124,81) (IVE engadido), dado que é a oferta máis vantaxosa

**Esta alcaldía, no uso das atribucións concedidas, resolve:**

**Primeiro: Adxudicar a execución das obras de "Pavimentación da zona de aparcamento da praia de Areas", á empresa "CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA), de acordo á oferta presentada, polo importe de TRINTA E OITO MIL CENTO VINTE E CATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (38.124,81) (IVE engadido).**

**Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 17004 / 60100 por un importe de 38.124,81 Euros (con IVE).**

**Terceiro: Nomear director de obra ó enxeñeiro técnico municipal, Don José María Troncoso Viñas.**

**Cuarto:** No prazo máximo de quince **(15) días hábiles**, a contar dende o seguinte ó da notificación da presente resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo**, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ó ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

**Quinto:** Unha vez formalizado o contato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a sinatura do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

**Dada en Sanxenxo a dezaoito de decembro de dous mil quince.**

**O alcalde**

**Gonzalo Gonzalo Pita**

**ante min, o secretario xeral**

**Ángel Luís López Pita**